



PRESENTA:

CURSO 2017/2018

AULA MATINAL



CURSO 2017/2018



ÍNDICE

- 1. PRESENTACIÓN**
- 2. PRESENTACIÓN DA ACTIVIDADE**
- 3. FINALIDADE DA ACTIVIDADE**
- 4. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADES.**
- 5. DATOS DOS PARTICIPANTES NA ACTIVIDADE.**
- 6. HORARIO**
- 7. TARIFA**



1)PRESENTACIÓN

O meu nome é Andrea Castro Bernárdez, son a persoa que dirixe a empresa ENREDOS ANIMACIÓN e queremos presentarvos o proxecto "**AULA MATINAL**".

Enredos Animación é unha empresa creada fai pouco pero as persoas que dirixen e traballan nela son Monitoras moi formadas e cualificadas, con moita experiencia.

2)PRESENTACIÓN DA ACTIVIDADE.

O proxecto que presentamos é "**Aula Matinal**".

O noso primeiro propósito é que exista unha seriedade na actividade, que a empresa sexa seria e cumpra todo o que se propón no proxecto, e sobre todo que os nenos o pasen ben facendo actividades, xogos...

2. FINALIDADE DA ACTIVIDADE

A intención da Aula Matinal é prestar un servizo as familias, dada a necesidade de conciliar a vida laboral coa vida familiar, xa que cada vez é máis común que no núcleo familiar traballen tanto o pai como a nai e vense na necesidade de apoiarse nas actividades de tempo libre. Coa Aula Matinal pretendemos facilitar as familias compaxinar a vida laboral coa familiar atendendo a cada un dos alumnos nun ambiente relaxado, agradable para que os nenos asistan con ilusión e o que os pais teñan a confianza de deixar os seus cativos en boas mans.

Algúns dos obxectivos que queremos fomentar son:

POTENCIAR: O desenvolvemento integral dos alumnos, tanto no aspecto lúdico como educativo, fomentando valores sociais tales como o compañeirismo, traballo en equipo, coidado do material, actitudes de respecto e tolerancia, normas.....

DINAMIZAR: Actividades socioeducativas do alumnado, fomentando e incentivando a participación activa, o desenvolvemento de habilidades sociais, actitudes cooperativas,



democráticas e cívicas, etc. De esta forma se consigue un dobre obxectivo :
EDUCAR E ENTRETER.

Na área deste concello detéctase a necesidade dunha actividade continuada deste tipo xa que moitos dos seus habitantes traballan noutras vilas ou cidades limítrofes.

2) DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

Durante o período da Aula Matinal levaríase a cabo diversas actividades tales como manualidades con reciclaxe, animación a lectura, xogos, multideporte.

Cada día da semana teremos estipulado unha actividade na que irá modificándose segundo a temática:

- LUNS: Xogos
- MARTES: Animación lectura.
- MÉRCORES: Animación Musical.
- XOVES: Manualidades.
- VENRES : Animación cinematográfica.

Queremos que coñezan a nosa cultura e a nosa historia dunha maneira amena, empregando xogos, manualidades, murais.....

Actividades que queremos recalcar entre outras:

- Día do neno(20 de novembro).
- Día da paz (30 de xaneiro).
- Día de Rosalía de Castro (24 de febreiro).
- Día da muller traballadora (8 de marzo).
- Día mundial da Auga (22 de Marzo).
- Día mundial do libro (22 de Abril).
- Día mundial do Medio Ambiente(5 de xuño).



3) DATOS DOS PARTICIPANTES NA ACTIVIDADE

A idade dos participantes comprenderanse de entre 3 a 12 anos. Terase unha monitora por cada 25 membros.

4) HORARIO BASE

O horario do plan Madruga comeza as 7:30 ata o inicio das clases dependendo de cada colexio.

5) TARIFA

Condições:

- Este servizo está ofertado para un mínimo de 10 usuarios. Cando o número de usuarios é inferior a dita cantidade a EMPRESA ENREDOS ANIMACIÓN poderá valorar o peche de dito servizo ou o traslado para outro centro e que unha monitora os acompañe o centro de procedencia.
- O cobro realizarase entre o 1 e o 10 de cada mes, mediante domiciliación bancaria, exceptuando os usuarios do servizo por días soltos, que o realizaran en efectivo no mesmo momento do uso do servizo solicitando a monitora un recibo como xustificante de pago.
- Se por causa do o usuario o recibo sexa devolto, o mes seguinte **asumirá o cargo de 4€** por motivos de gastos de xestión e comisións bancarias.
- O impago non xustificado suporá a baixa temporal do alumno deste servizo ata ao pago do recibo, se se repite daremos baixa definitiva.
- Para dar **baixa voluntaria ou cambio** na modalidade da actividade é **NECESARIA A COMUNICACIÓN POR ESCRITO** vía mensaxe WhatsApp ou mail antes do 25 do mes en curso, para ser baixa no seguinte mes, do contrario cobrarase a modalidade que se inscribiu o usuario.
- Os meses de Setembro e Xuño realizarase o 20 % de desconto.



- Creación **BONO ENREDOS**, está pensado para as familias que necesitan o uso da Aula Matinal en momentos puntuais durante a duración do curso escolar. Cada persoa que precise este bono, acercarse a monitora de dito servizo, realizará o pago en efectivo ou transferencia e dende ese momento poderá desfrutar da aula matinal. Un bono será valido só para irmáns.

Estas tarifas poderán ser modificadas segundo a variación do I.P.C. no caso de que se prorrogue o servizo nos posteriores anos.

PREZO USUARIO	25,50 €
PREZO SEGUNDO IRMÁN	23,00 €
PREZO QUINCENA	15,30 €
PREZO DÍAS SOLTOS	4,50 €
BONO ENREDOS(6 DÍAS)	20 €